

Follas do Cineclub | 15/11/2017

03

- O home no cadro*
(Человек в рамке [Chelovek v ramke], Fyodor Khitruk,
Unión Soviética, 1966, 10', VOSG)
- As plumas da grúa*
(Журавлиные перья [Zhuravlinye perya], Ileya Garani-
na, Unión Soviética, 1977, 10', VO)
- A harmónica de cristal* (Стекло́нная гармо́ника [Ste-
klyannaya garmonika], Andrey Khrzhanovskiy,
Unión Soviética, 1968, 19', VOSG)
- Conto de contos*
(Сказка сказок [Skazka skazok], Yuriy Norshteyn, Unión
Soviética, 1979, 29', VOSG)

Tirado de: Beumers, Birgit (ed.): *Dictionary of World Cinema, Volume 4: Russia. Bristol / Chicago: Intellect, 2011, p. 267-269.*

Władysław Starewicz é considerado tradicionalmente como o “pai” da animación rusa, ademais do primeiro animador de monicreques (aínda que recentemente se descubriu metraje de Aleksandr Shiryaev que antecede e supera o traballo de Starewicz, malia a que eses filmes non foran feitos para o público). A vinganza do cámara de cinema [Мсть кинематографического оператора] (1912) e A libélula e a formiga [Стрекоза и муравей] (1913) eran parábolas da vida moderna situadas no mundo dos insectos e as flores. O interese de Starewicz nos insectos levouno a usar escaravellos creados artificialmente, converténdoo en figuras antropomórficas con claras características humanas.

Tras a Revolución, Starewicz emigrou a Francia e foron as artes gráficas as que pasaron a un primeiro plano no desenvolvemento dos debuxos animados. Dziga Vertov inspirouse no debuxante do Pravda Viktor Dení para o seu filme de animación *Xoguetes soviéticos* [Советские игрушки] (1924), que parodiaba a Nova Política Económica que introducira algunha iniciativa privada para estimular a economía. Pero os debuxos animados continuaban a ser un subproduto do departamento da Mezhrabpomfilm que se encargaba das caricaturas, os anuncios e os títulos de crédito. Iván Ivanov-Vanó (1900–1987) chegou a un acordo coa dirección do estudio para realizar un filme de debuxos independente, baseado no conto ‘Crocódilo’ de Kornéi Chukóvskii: O filme resultante, *Senka, o africano* [Сенька-Африканец] (1927) abre coa imaxe de acción real dun neno que visita o zoo, onde atopa un libro sobre animais africanos. As imaxes levan o neno nunha viaxe fabulosa cara esas terras afastadas. Esta técnica de encadramento volveríase típica dos debuxos soviéticos, suxerindo que o mundo animado é un mundo de fantasía. Estes primeiros debuxos realizábanse proxectando o negativo sobre un espello, posto que a animación sobre celuloide só estaría dispoñíbel na Unión Soviética despois de 1934. O ilustrador de Leningrado Mikhail Tsekhanóvskiy (1889–1965) creou *Correos* [Почта] (Lenfilm, 1929), baseado nunha historia do escritor infantil sovié-

tico Samuil Marshak e formado por debuxos en branco e negro sofisticados e detallados. Un neno está sentado nunha mesa escribindolle unha carta a Boris Prutkov. O filme segue a viaxe desta carta arredor do mundo e eloxia a fiabilidade do sistema postal soviético.

En 1936 estableceuse o estudio de animación Soyuzmultfilm, coas competencias para producir debuxos animados para crianzas. A mediados dos anos 30, Disney impuxera firmemente os debuxos como unha ferramenta poderosa para o entretemento. Recorreuse aos animadores soviéticos, amplamente cualificados como deseñadores e ilustradores, para competir coa produción de Disney. Máis tarde, en 1939, Ivanov-Vanó fundou o Departamento de Animación do Instituto de Cinema de Moscova (VGIK). Alén diso, a animación tivo que se adaptar á tecnoloxía do son, axustando os movementos das personaxes ás melodías. A adaptación de Tsekhanóvskiy do *Conto do sacerdote e do seu traballador Balda*, de Pushkin, un musical cunha banda sonora composta por Dmitri Shostakóvich, foi paralizada pola censura en 1934 por causa da achega satírica a unha obra clásica. O innovador Aleksandr Ptushko (1900–1973) usou imaxes combinadas para conseguir trucaxes ao estilo de Méliès, sorprendendo ao público con humanos de acción real no mesmo plano que pequenos monicreques no seu *O novo Gulliver* [Новый Гулливер] (1935).

Durante a guerra, a Soyuzmultfilm foi evacuada a Samarcanda, onde a falta de facilidades de produción fixo imposible continuar co traballo. Logo de regresar ao seu centro de produción en Moscova, a Soyuzmultfilm produciu unha serie de debuxos animados baseados en contos de fadas, nunha tentativa de competir co *Branca de Neve e os sete ananos* [Snow White and the Seven Dwarfs] de Disney (1937). O conto de fadas era axeitado para os propósitos de propaganda por dúas razóns: apoiábase na tradición nacional rusa e contiña un elemento de instrución moral. O heroe do conto de fadas conta con axuda máxica como recompensa por unha boa acción, mentres que o mundo dos contos de fadas ofrece unha escapatoria a unha realidade desagradábel, que instrúe as crianzas ao tempo que reflexiona sobre o castigo e a recompensa no terreo dun mundo máxico. O conto de fadas animado inculca tamén valores morais, e polo tanto ocupa un espazo deixado pola instrución ideolóxica, nomeadamente o de aprender as crianzas o sentido do ben e do mal.

Os animadores aproveitaron ao máximo as posibilidades que a animación sobre celuloide ofrecía para o movemento de animais e humanos. Ivanov-Vanó realizou fitas nas que os animais eran máis cómicos e flexíbeis do que os humanos. Un bo exemplo é a súa animación do cabalo en *O cabalo corcovado* (Конёк-Горбунок, 1947, remake en 1975), a primeira longametraxe de animación da URSS: o cabaliño listo, enxeñoso e cheo de recursos móvese con idoneidade por todo o país.

Fedia Zaitsev [Федя Зайцев] (1948), das irmás Brumberg, revela o potencial educativo dos debuxos anima-

ANIMACIÓN RUSA

BIRGIT BEUMERS

dos nun contexto contemporáneo: o estudante soviético Fedia volve á escola recentemente decorada tras as vacacións de verán e debuxa unha cara sorrinte na parede. Fedia non confesa mesmo cando o seu amigo é o sospeitoso. Acosado pola mala conciencia, Fedia é atormentado nun soño polos seus xoguetes, que se volven contra el. Admite os feitos ao día seguinte. Fedia vive nun mundo de xoguetes e soldados de lata e non ten contacto co mundo exterior: o neno está en esencia apartado e illado. De feito, os nenos soviéticos dos setenta e os setenta xa non tiñan un rol social, senón que se retiraban do colectivo cara o mundo de xoguetes que ensinaba valores humanos de amor e consolo.

O estímulo da animación para producir debuxos animados para adultos a partir dos anos sesenta é indicativo dunha tendencia de autor cada vez maior no cinema. *A Historia dun crime [История одного преступления]* (1962) de Fiodor Khitruk é un exemplo disto, ao ofrecer unha crítica da sociedade contemporánea (problemas de vivenda, alcoholismo, monotonía da vida), pola que o filme foi criticado na Unión Soviética pero ganou recoñecemento internacional. Os debuxos animados para adultos tendían a causar unha maior controversia, pola súa visión crítica e a miúdo satírica da vida moderna. De feito, o único filme animado prohibido na historia da Unión Soviética é *A harmónica de cristal [Стекло́нная гармо́ника]* (1968) de Andrey Khrzhanovskiy, unha sátira sobre a burocracia.

A finais dos sesenta, os debuxos animados para televisión conseguiron amplas audiencias. *Espera e verás! [Ну, погоди!]* (1969-1987, 17 series), de Viacheslav Kotiónochkin explora o conflito entre o lobo e o coello, que tiña unha longa tradición nos contos populares e as fábulas rusas. Replica con modificacións o conflito gato/rato do *Tom e Jerry [Tom and Jerry]* (1940-1957) de Disney [sic, por William Hanna e Joseph Barbera]. Os últimos sesenta tamén viron adaptacións de historias infantís estranxeiras contemporáneas, como os debuxos de Boris Stepántsev baseados nas historias de Karlsson de Astrid Lindgren, pero sobre todo as populares versións animadas do Winnie the Pooh de A. A. Milne creadas por Fiodor Khitruk.

Ao longo dos setenta os debuxos animados estiveron cada vez máis preocupados polo papel das crianzas no mundo moderno. Os xoguetes aparecen como personaxes animadas e os animais adquiren características dos xoguetes nos seus movementos, traendo os mo-

nicreques de volta á animación. Román Kachánov e o deseñador Leonid Shvartsman crearon o monicreque máis importante da animación soviética: Cheburashka. A maneira delicada e sensible en que Kachánov comprende o mundo infantil como superior ao dos adultos é evidente na súa animación de monicreques *Manopla [Варежка]* (1967), pero é a historia de Eduard Uspénskiy "O crocodilo Gena e os seus amigos", que converteu en catro curtametraxes, a que o levou ao éxito. Cheburashka é un xoguite encantador: castaño claro e esponxoso, con longas orellas e ollos chispeantes, é unha mistura dun oso de peluche e unha laranxa. Cheburashka gana os nosos corazóns e precisa da nosa empatía porque non pertence a ningures. De feito, Cheburashka converteuse no Mickey Mouse da animación soviética e no emblema do estudio Soyuzmultfilm.

As historias de Uspénskiy sobre Prostokvashino foron levadas á animación sobre celuloide por Vladímir Popov a finais dos setenta. Os debuxos animados trazan a soidade dun neno de cidade, que atopa remedio no rural grazas á compañía dun gato e un can. O tema do illamento inspirou tamén a Fiodor Khitruk a súa premiada curtametraxe *Ilha [Остров]* (1974), e o tema preocupa tamén a Yuriy Norshteyn, cuxo mundialmente famoso *Conto de contos [Сказка сказок]* (1979) é unha metáfora do illamento composto de memorias sobre unha infancia en tempos de guerra.

Coa caída da Unión Soviética en 1991, o principal estudio de animación, a Soyuzmultfilm, abandonou a produción. Estabelecéronse unha serie de estudos de animación, pero a meirande parte dos filmes animados desta década proxectáronse só en festivais. Moitos animadores se pasaron á publicidade para gañarse a vida. Garri Bardin fundou o seu estudio Stáier, onde creou o monicreque animado *Chucha [Чуча]* (tres partes, 1998-2005), unha animación non verbal baseada nas melodías de Glenn Miller. O estudio Pilot foi fundado en 1988 por Aleksandr Tatárskiy, que creou a serie dos irmáns Pilot (anos noventa), protagonizada por dúas personaxes de trazos simples que comentan a vida moderna, ofrecendo comentarios satíricos sobre a política. En 2005 Tatárskiy lanzou *A montaña das xoias [Гора самоцветов]*, que produciu unha serie de curtametraxes animadas baseadas en contos tradicionais. Este proxecto axudou a animadores recoñecidos e novos a experimentar co formato da curta e alcanzar audiencia a través da publicación da serie en DVD.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 1

A cura [Кюа] [Kyu], Kiyoshi Kurosawa, Xapón, 1997, 111', VOSG

MÉRCORES 8

Os nenos lobo Ame e Yuki [おおかみこどもの雨と雪] [Ōkami Kodomo no Ame to Yuki], Mamoru Hosoda, Xapón, 2012, 117', VOSG

MÉRCORES 15

O home no cadro [Человек в рамке] [Chelovek v ramke], Fyodor Khitruk, Unión Soviética, 1966, 10', VOSG
As plumas da grúa [Журавлиные перья] [Zhuravlinye perya], Ideya Garanina, Unión Soviética, 1977, 10', VO
A harmónica de cristal [Стекло́нная гармо́ника] [Steklyannaya garmonika], Andrey Khrzhanovskiy,

Unión Soviética, 1968, 19', VOSG
Conto de contos [Сказка сказок] [Skazka skazok], Yuriy Norshteyn, Unión Soviética, 1979, 29', VOSG

MÉRCORES 22

Roma, cidade aberta [Roma, città aperta], Roberto Rossellini, Italia, 1945, 103', VOSG
 Xornadas contra a represión. en colaboración con a gentalha do pichel, csoa escarnio e maldizer e csa do sar

MÉRCORES 29

Praza Euner (As Utópicas, Virxinia Polke e David Castro. 2017, 60')
 Coa presenza das directoras